



CIF: P3202500-1

Concello de Celanova

Praza Maior, 1 – 32.800 Celanova (Ourense)
Tfno.: 988.431481/431487 – Fax: 988.451623
concello.celanova@eidolocal.es

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE REXISTRO XERAL		CONCELLO DE CELANOVA REXISTRO XERAL	
- 7 XAN 2016			
N.º ENTRADA 282	N.º SAÍDA	30 DEC. 2015	
		N.º ENTRADA	N.º SAÍDA 2015SRC3852

Polo presente oficio xúntolle, para o seu coñecemento e ós efectos oportunos, Certificación do acordo adoptado polo Pleno do Concello, en sesión ordinaria celebrada o día quince de decembro de dous mil quince, sobre asunto: "5º.- ADHESIÓN Ó CONVENIO MARCO DE COOPERACIÓN DA DEPUTACIÓN DE OURENSE COAS ENTIDADES LOCAIS DA PROVINCIA EN MATERIA DE TRANSPARENCIA E ACCESO Á INFORMACIÓN PÚBLICA. ADOPCIÓN DO ACORDO SE PROCEDE. EXP. 1059/2015."

O Alcalde Accidental,
Julio Mosquera González
(Asinado electronicamente á marxe)

JULIO MOSQUERA GONZÁLEZ (1 para 1)
1º Teniente de Alcalde
Data de Sinatura: 30/12/2015
HASH: dd207b6e559ed8d8cbf9c9d186ec2713



Deputación Provincial de Ourense
Rúa Progreso
32071-Ourense



Cod. Validación: 3X2K3ZKKAAD2H9GDELZ6D9W7D9 | Corrección: http://celanova.es/electronica/es/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 de 1



CIF: P3202100-1

Concello de Celanova

Praza Maior, 1 – 32.800 Celanova (Ourense)
Tfno.: 988.431481/431487 – Fax: 988.451623
concello.celanova@eidolocal.es

MONTSERRAT CAMPOS MONDELO, SECRETARIA ACCIDENTAL DO CONCELLO DE CELANOVA,

CERTIFICO: Que o Pleno do Concello, na sesión do quince de decembro de dous mil quince adoptou entre outros o seguinte acordo:

“5º.- ADHESIÓN Ó CONVENIO MARCO DE COOPERACIÓN DA DEPUTACIÓN DE OURENSE COAS ENTIDADES LOCAIS DA PROVINCIA EN MATERIA DE TRANSPARENCIA E ACCESO Á INFORMACIÓN PÚBLICA. ADOPCIÓN DO ACORDO SE PROCEDE. EXP. 1059/2015.

Deuse lectura ó ditame da Comisión Especial de Contas e Informativa de Facenda e Réxime Interior co teor literal seguinte:

“Deuse conta de proposta da Alcaldía co teor literal seguinte:

“ADHESIÓN Ó CONVENIO MARCO DE COOPERACIÓN DA DEPUTACIÓN DE OURENSE COAS ENTIDADES LOCAIS DA PROVINCIA EN MATERIA DE TRANSPARENCIA E ACCESO Á INFORMACIÓN PÚBLICA. ADOPCIÓN DE ACORDO SE PROCEDE. EXPTE. Nº 1059/2015.

Visto o escrito suscrito polo Presidente da Deputación Provincial de Ourense (nº de asento no rexistro de entrada de documentos concello: 2015-E-RC-4230; data: 02/10/2015), remitindo o “CONVENIO MARCO DE COOPERACIÓN DA DEPUTACIÓN DE OURENSE COAS ENTIDADES LOCAIS DA PROVINCIA EN MATERIA DE TRANSPARENCIA E ACCESO Á INFORMACIÓN PÚBLICA”, aprobado polo Pleno da Deputación Provincial en sesión ordinaria celebrada o día 25 de setembro de 2015, e atopado conforme.

Considerando o disposto nos artigos 109.2.b) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, 30.6.h) do Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, 15 e 88.1 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e 36.1.b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Atendido que obra no expediente informe de Secretaría de data 7 de decembro de 2015, Informando favorablemente a solicitude de adhesión do Concello de Celanova ó “CONVENIO MARCO DE COOPERACIÓN DA DEPUTACIÓN DE OURENSE COAS ENTIDADES LOCAIS DA PROVINCIA EN MATERIA DE TRANSPARENCIA E ACCESO Á INFORMACIÓN PÚBLICA”, así como a aprobación do mesmo polo Pleno da Corporación, por non ser o seu contido contrario ao Ordenamento Xurídico, encadrándose dentro das relacións de cooperación entre a Deputación Provincial e os concellos no marco das competencias de asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión, previstas no artigo 36.1.b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e 109.1.b) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia.

MONTSERRAT CAMPOS MONDELO (1 para 2)

Secretaria Accidental
Data de Sinatura: 30/12/2015
HASH: 9c72f0c0299eb6e656ac0641468f188b



JULIO MOSQUERA GONZÁLEZ (2 para 2)

1º Tenente de Alcalde
Data de Sinatura: 30/12/2015
HASH: dd201b6e559eaf6db0bf9c9d186ec27f3



Cod. Validación: 9DZNT7HCWZNTY D5CSJXK36AYMR | Corrección: http://celanova.sedelectronica.es
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 3



C.I.F. P-3202300-1

Concello de Celanova

Praza Maior, 1 – 32.800 Celanova (Ourense)

Tfno.: 988.431481/431487 – Fax: 988.451623

concello.celanova@eidolocal.es

Puga, para dicir que estaba a favor da transparencia e anunciar o voto a favor do seu grupo político, pero que dita iniciativa partía dunha entidade que podería presumir de falta de transparencia e opacidade. Continuou dicindo que o Presidente da Deputación Provincial de Ourense estaba acusado de solicitar favores sexuais a cambio de sexo, sendo a institución provincial un nicho caciquil, ademais de contar cun Presidente reprobado, o primeiro da historia da institución. Dixo que a política tamén era construír unha sociedade xusta e que aquí se presentaba un documento que fora quebrantado polo propio Presidente. Continuou dicindo que o Presidente da Deputación Provincial de Ourense creara un Comité de Ética que el mesmo non practicaba e que agora se escondía como un coelliño en lugar de dar explicacións. Concluíu a súa intervención acusando o goberno do concello de silencio cómplice e de non poder explicar como apoiaban este tipo de prácticas.

Seguidamente, coa anuencia do alcalde, tomou a palabra o voceiro do Grupo Municipal Popular, Máximo Losada Méndez, para lembrar o punto da orde do día que se estaba a tratar. Dixo que o convenio era un marco regulador para cumprir a Lei de Transparencia e que era un reforzo no cumprimento da mesma e non supuña ningún tipo de gasto para o concello. Concluíu a súa intervención anunciando o voto a favor.

A continuación, coa anuencia do alcalde, tomou a palabra o voceiro do Grupo Municipal do PSOE, Marcial Lafuente Rodríguez, para dicir que estaba de acordo coa transparencia pero que visto, o que estaba a pasar na Deputación, o su Presidente tería que dimitir.

Seguidamente, coa anuencia do alcalde, tomou a palabra o voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego-Asembleas Abertas, Leopoldo Rodríguez Puga, reiterando o seu voto a favor e acusando ó voceiro do Grupo Municipal Popular de falta de sutileza e elegancia.

Concluídas as intervencións, por orde do alcalde someteuse a votación a proposta da Alcaldía, rexistrándose trece votos a favor dos membros do Grupo Municipal Popular (8), dos membros do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego-Asembleas Abertas (3) e dos membros do Grupo Municipal do PSOE (2).

En consecuencia, o Pleno municipal, trala votación ordinaria e por unanimidade dos trece membros presentes nesta sesión, sendo trece o número legal de membros que o compoñen, acordou aprobar o ditame da Comisión Especial de Contas e Informativa de Facenda e Réxime Interior sobre “ADHESIÓN Ó CONVENIO MARCO DE COOPERACIÓN DA DEPUTACIÓN DE OURENSE COAS ENTIDADES LOCAIS DA PROVINCIA EN MATERIA DE TRANSPARENCIA E ACCESO Á INFORMACIÓN PÚBLICA. ADOPCIÓN DE ACORDO SE PROCEDE. EXPTE. Nº 1059/2015.”, quedando o referido ditame convertido en acordo nos seus propios termos.”

E para que así conste, e surta os efectos oportunos expido a presente certificación, coa reserva do artigo 206 do R.O.F., co visto e praxe do Sr. Alcalde.

Visto e Praxe

O Alcalde Accidental,

Julio Mosquera González

(Asinado electronicamente á marxe)

A Secretaria Accidental,

Montserrat Campos Mondelo

(Asinado electronicamente á marxe)



Cod. Validación: 91ZNT7HCVMZNTYD5C5JKX36AYMR | Corrección: <http://celanova.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 3